



1ª. Analiza os documentos que seguen, describe os feitos aos que remiten e utiliza eses datos para explicar a evolución económica e social dos Estados Unidos durante a época da Guerra Fría.



Porcentaje del PIB global



Docto. 3: Evolución do prezo do barril do crú e do desemprego nos Estados Unidos (1951-1983)




Docto. 4: Discurso pronunciado por M. Luther King o 28-VIII-1963 en Washington D.C., diante de 200.000 manifestantes en prol dos dereitos humanos e co monumento a A. Lincoln ao fondo.

“... Un gran estadounidense, cuya simbólica sombra nos cobija hoy, firmó la Proclamación de la emancipación... La vida del negro es aún tristemente lacerada por las esposas de la segregación y las cadenas de la discriminación; cien años después, el negro vive en una isla solitaria en medio de un inmenso océano de prosperidad material... Languidece en las esquinas de la sociedad estadounidense y se encuentra desterrado en su propia tierra... Cuando los arquitectos de nuestra república escribieron las magníficas palabras de la Constitución y de la Declaración de Independencia, firmaron un pagaré del que todo estadounidense habría de ser heredero ... Era la promesa de que a todos los hombres, les serían garantizados los inalienables derechos a la vida, la libertad y la búsqueda de la felicidad ... Estados Unidos ha incumplido ese pagaré en lo que concierne a sus ciudadanos negros. En lugar de honrar esta sagrada obligación, Estados Unidos ha dado a los negros un cheque sin fondos ... Rehusamos creer que no haya suficientes fondos en las grandes bóvedas de la oportunidad de este país. Por eso hemos venido a cobrar este cheque; el cheque que nos colmará de las riquezas de la libertad y de la seguridad de justicia.

... Es el momento de sacar a nuestro país de las arenas movedizas de la injusticia racial... A pesar de las dificultades del momento, yo aún tengo un sueño. Es un sueño profundamente arraigado en el sueño

"americano". Sueño que un día esta nación se levantará y vivirá el verdadero significado de su credo: "Afirmamos que estas verdades son evidentes: que todos los hombres son creados iguales". Sueño que un día, en las rojas colinas de Georgia, los hijos de los antiguos esclavos y los hijos de los antiguos dueños de esclavos, se puedan sentar juntos a la mesa de la hermandad.

**3<sup>a</sup>.** Explica as características da economía comunista a partir de gráficos. Compara a súa evolución coa do sistema económico capitalista e salienta os efectos de ambos os dous modelos para a poboación e o medio ambiente.



Docto 5: N. Jruschov, Informe segredo ao XX Congreso do PCUS, 25-II-1956

O culto á persoa de Stalin foi medrando e chegou a ser a fonte de graves perversións dos principios do Partido, da democracia do partido e da legalidade revolucionaria. Escolleu adoito o camiño da represión e da aniquilación, non só contra os enemigos reais senón contra individuos que non cometean crime algún contra o partido ou o Goberno soviético... Stalin abandonou os métodos da loita ideolóxica a favor da violencia administrativa, da represión das masas e do terror... Dono dun poder ilimitado o seu despotismo non coñeceu límites e foi quen de aniquilar aos homes moral e físicamente... Debemos abolir o culto ao individuo para sempre.

Docto 6: FIDEL CASTRO: Segunda Declaración da Habana, 4 de febreiro de 1962

«Fronte á acusación de que Cuba quere exportar a súa revolución, respondemos: as revoluciones non se exportan; fanas os pobos. O que Cuba pode dar aos pobos e deu xa é un exemplo. E que ensina a revolución cubana?. Que a revolución é posible, que os pobos poden facela, que no mundo contemporáneo non hai forzas capaces de impedir o movemento de liberación dos pobos. O noso trunfo non tería sido endexamáis factible se a revolución mesma non estivese inexorablemente destinada a xurdir nas condicións existentes na nosa realidade económico-social, realidade que existe en grado aínda maior nun bo número de países de América Latina».

## 5. Argumenta a veracidade ou falsidade das seguintes afirmacións:

1. O progreso económico da URSS foi más notable no sector agrícola, industrial e militar, mentres que o retraso tecnolóxico notouse no sector extractivo.
2. Mao Zedong, líder do partido comunista, reforzou as relacións de alianza e asistencia mutua entre a República Popular Chinesa e a URSS a partir do proceso de desestalinización.
3. O Maoismo consolidouse a través dunha serie de campañas entre as que salientaron o Gran Salto Adiante e a Revolución Cultural que outorgou o protagonismo a mocidade, fanatizada polo Libro Vermello de Mao, para eliminar aos intelectuais críticos co réxime.
4. Os seguintes estados foron “satélites” da URSS durante a Guerra Fría (1947-1989): Alemaña Oriental, (RDA), Austria, Hungría, Romanía, Polonia e Iugoslavia.
5. Mikhail Gorbachev apoiou as políticas de *perestroika* e *glasnost* de Boris Eltsin para favorecer a desestalinización fronte ao socialismo desenvolvido por J. Andropov cando sucedeu a Bresnev.
6. Bosnia, Croacia, Lituania, Eslovenia, Estonia, Letonia, Ucraína e Serbia foron algúns dos estados que xurdiron da desmembración da URSS.
7. As principais consecuencias da caída do muro de Berlín foron o aumento do turismo internacional a esa cidade e a integración dos *lander* orientais na República Federal Alemana que ingresou na Unión Europea nos anos noventa do século pasado.
8. Na guerra de Iugoslavia producíuse un xenocidio da poboación bosniaca en cidades como Srebrenica, e operacións de limpeza étnica por parte dos servios e croatas en localidades como a de Mostar.